



## A todos os compañeiros e compañeiras:

Como sabedes dende primeiros do 2016 estase a negociar o **Convenio Colectivo de Sanidade Privada**.

As delegadas e delegados sindicais seguindo o mandato dos traballadores e traballadoras do sector sanitario, pretendemos acadar como mínimo un **incremento salarial digno e unha mellora nos dereitos sociais** (permisos, lactancia, etc).

Certamente a petición da parte sindical pretendeu corrixir o feito de que nos anos 2010 e 2011 non houbo ningún incremento salarial e desde o 2010 ate o 2015 temos acumulado unha **perda do poder adquisitivo dun 3%**.

Sen embargo, a Patronal non ten esta mesma preocupación pola dignidade e mellora das nosas condicións laborais, e durante toda a negociación só ofreceron unha subida salarial dun 0,625 %, sin ter en conta o IPC, e sempre coa **ameaza** de que para acadar un maior incremento salarial tiñamos que **renunciar ao complemento de antigüidade**.

Dado que a patronal se puxo intransixente dando negativas a todo, convocáronse mobilizacións, máis tarde para chegares a unha solución pacífica do conflito, solicitouse unha mediación da autoridade laboral que permitise acadar un punto de encontro entre as posturas das dúas partes.

Neste momento, avanzada a mediación, continuamos sen poderes chegar a ningún acordo. Aínda agora, cando xa se publicou o **IPC do 2016 que é dun 1,6**, só ofrecen unha suba do **1%**, co que seguiríamos perdendo **poder adquisitivo**. Para o 2017 ofrecen un 1,25 % e para o 2018 un 1,5%, pero **néganse a incluír unha cláusula de revisión segundo o IPC**,

de tal xeito que, si o IPC fose superior, xa no poderíamos falar de perda de poder adquisitivo senón de explotación e salarios miserables.

E, por si fose pouco, néganse a incorporar que o convenio actual siga vixente ata que se asine o seguinte, o que pode supor que se poidan perder condicións do convenio para o persoal que xa está indefinido e que o de nova contratación entre coas condicións laborais máis básicas, lonxe do dereitos que recolle o Convenio. Xa temos así asegurado traballadoras/es de 2ª e traballadoras/es de 3ª. Con estas condicións na Sanidade Privada non hai traballadoras/es de primeira

**En definitiva, ningunha mellora das nosas condicións de traballo e salarios miserables e único que ofrecen.**

Aínda que seguiremos insistindo ate o final para chegar a un acordo que, cando menos, inclúa un incremento salarial que permita unha mínima recuperación dos nosos salarios, **en ningún caso poderemos aceptar que os nos salarios continúen perdendo poder adquisitivo.**

**Sen diálogo, sen un acordo digno, obrigarannos a retomar as mobilizacións e a incrementar ao máximo o conflito.**

**ESIXIMOS RESPECTO PARA O PERSOAL DA SANIDADE PRIVADA DA CORUÑA.**

**QUE REMATE ESTE PARIPÉ PATRONAL,  
NEGOCIACIÓN REAL XA!!!!**

